

175 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE ROSALÍA

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

VIII PREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS

UNIDADES DIDÁCTICAS

CURSO ESCOLAR 2011-2012



3.-A Unidade, asinada polo autor/a ou coordinador/a, presentárase por quintuplicado.

4.-O xurado valorará os seguintes aspectos:

- Idoneidade da selección de obxectivos e contidos
- Idoneidade da selección de textos rosalianos
- Selección e variedade do material de apoio.
- Implicación da comunidade educativa.
- Carácter innovador
- Emprego das novas tecnoloxías.
- Atención á diversidade.

5.-Os traballos enviaranse por correo certificado, antes do 31 de maio de 2012, ao seguinte enderezo:

VIII PREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

Casa da Matanza.
15917 PADRÓN (A Coruña)

6.-Concederanse dous galardóns:

Primeiro premio: 3.000 euros e un lote de libros para o centro, así como diplomas acreditativos para os autores e os centros.

Segundo premio: 1.500 euros e un lote de libros para o centro, así como diplomas acreditativos para os autores e os centros.

7.-O xurado terá capacidade para interpretar estas bases e poderá outorgar as

mencións que considere oportunas. O premio poderá ser declarado deserto se, a seu xuízo, os traballos non teñen calidade suficiente. O fallo do xurado será inapelable.

8.-Os traballos premiados quedarán a disposición da Fundación Rosalía de Castro, que se reserva o dereito de expoñelos na súa aula pedagóxica e de publicalos para a súa divulgación. Os que non obtivesen galardón poderán retirarse no prazo dun mes a partir do día do fallo.

9.-O premio fallarase durante a primeira quincena de xuño e a entrega terá lugar o día 15 de xullo de 2012 no transcurso do acto que a Fundación Rosalía de Castro celebra anualmente para comenorar o pasamento da escritora.



Fundación Rosalía de Castro



Fundación Rosalía de Castro

VIII PREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS

UNIDADES DIDÁCTICAS CURSO ESCOLAR 2011-2012

A Fundación Rosalía de Castro, para conmemorar os 25 anos do PREMIO ROSALÍA CASTRO PARA MESTRES E PEDAGOGOS, creou o PREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS, que vai xa na súa oitava convocatoria.

O certame pretende potenciar o coñecemento de Rosalía e da súa obra, referencia imprescindible na formación integral dos escolares. Alén dos seus valores literarios e lingüísticos, os textos rosalianos teñen unha enorme potencialidade como motivadores de propostas de traballo nas aulas de ensino obrigatorio. Por iso consideramos que a obra de Rosalía de Castro resultará un bo material para traballar na innovación pedagóxica.

Un dos eidos máis interesantes deste traballo é a elaboración de unidades didácticas adaptadas aos diferentes niveis de ensino obrigatorio, específicas de área, interdisciplinares ou globalizadoras, segundo a etapa na que se apliquen. E cumpríndose no ano 2012 o 175 aniversario do nacemento de Rosalía, propónselle ao profesorado e á comunidade educativa en xeral a realización dunha unidade didáctica que conmemore nos centros educativos tan importante efeméride.

Esta UNIDADE DIDÁCTICA CONMEMORATIVA DO 175 ANIVERSARIO DO NACEMENTO

DE ROSALÍA DE CASTRO, ha desenvolver contidos biográficos da escritora e tamén os valores nos que creu Rosalía, contemporánea dos seus, avanzada do seu tempo e previsora dos comportamentos que habían de promoverse no futuro: o drama épico da emigración que sufriu a Galicia máis pobre e viven hoxe moitos pobos da humanidade; a problemática das mulleres con relación á igualdade, á creación e ao pensamento libre; e a denuncia da inxustiza, así como a defensa dos valores medioambientais, xa que ela foi unha extraordinaria cantora da paisaxe e da súa conservación.

A Matanza, 15 de xullo de 2011



BASES

1.- Poderán concorrer ao VIII PREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS as unidades didácticas, desenvoltas en lingua galega, nos niveis obrigatorios do ensino durante o curso escolar 2011-2012, que xiren arredor do **175 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE ROSALÍA DE CASTRO**, considerando tamén a súa obra.

2.- Os aspirantes presentarán:

2.1. **Unha unidade didáctica** que conste, cando menos, dos seguintes apartados:

- Descrición do centro ou centros nos que foi aplicada
- Profesorado que participa na experiencia
- Alumnado ao que foi destinada
- Obxectivos que se perseguiron
- Contidos educativos que se desenvolveron
- Metodoloxía aplicada
- Relación do material de apoio seleccionado
- Actividades propostas
- Criterios e procedementos de avaliación
- Valoración global do resultado

2.2. **Mostra significativa** das actividades realizadas polo alumnado

2.3. **Certificación** da dirección do centro ou centros que acredite a experiencia.